



Guía Docente				
Datos Identificativos			2016/17	
Asignatura (*)	Economía Mundial		Código	611G01011
Titulación	Grao en Economía			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Aplicada 1			
Coordinación	Fernandez Redondo, Marta	Correo electrónico	marta.fredondo@udc.es	
Profesorado	Fernandez Redondo, Marta	Correo electrónico	marta.fredondo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O estudo da economía mundial debe comezar identificando os elementos esenciais que definen e identifican a realidade socioeconómica obxecto de estudo. A economía internacional e entendida como un sistema interdependente no que o seu dinamismo principal surxe do centro capitalista que se expande, hoxe en día, a todos os países do mundo. Por tanto, débese comezar polas características estruturais que definen o capitalismo, recoñecer as relacións económicas e os organismos económicos internacionais . Unha vez feito este paso a explicación teórica e a evolución da creación e distribución da riqueza a nivel mundial ten como punto de partida a análise das economías capitalistas máis desenvolvidas para poñer a atención na periferia do sistema. As fontes estatísticas utilizadas serán as que ofrecen os organismos nacionais e internacionais: INE, Banco de España, FMI, OMC, UNCTAD, Banco Mundial, por exemplo. A partir de os datos dos países poderase cuantificar o crecemento económico, facer comparacións no tempo e no espazo, coñecer a posición deudora/acredora internacional das economías e establecer unha clasificación dos países en termos de desenvolvemento humano.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1. Coñecer os rasgos básicos da economía mundial e comprender as claves do desenvolvemento nas súas dimensións económica, social e medioambiental. 2. Coñecer as interrelacións entre os fluxos de produción, renda y gasto, familiarizando ao alumno con as principais macromagnitudes de una economía. 3. Coñecer os principais modelos económicos que explican o funcionamento das economías, a nivel introdutorio. 4. Coñecer e comprender a importancia da taxa de crecemento e as diferenzas de renda entre países. 5. Fixar os coñecementos básicos das principais macromagnitudes e a súa sistematización a través de instrumentos de análise cuantitativa como a Contabilidade Nacional (SEC) e a Balanza de Pagos. 6. Coñecer o fenómeno da globalización así como a súa potencialidade e os seus riscos para o desenvolvemento dos países. 7. Coñecer e valorar o papel das institucións internacionais encargadas de regular as relacións económicas internacionais, especialmente as comerciais e financeiras, e os seus retos de cara ó futuro. 8. Coñecer os plantexamentos en relación á sostenibilidade do desenvolvemento e as estratexias deseñadas nos derradeiros anos.		A11 A13	



1. Identificar as fortalezas/debilidades da economía mundial e tomar posición cara os principais debates sobre coxuntura e tendencias da economía mundial.		B8 B9	
2. Entender e analizar a influencia do crecemento da poboación, dos recursos naturais, da acumulación de capital físico e humano, da tecnoloxía, das institucións e das desigualdades no desenvolvemento económico dos países. 3. Coñecer e manexar as fontes estatísticas e documentais. 4. Aplicar as ferramentas da análise económica ao estudo da economía mundial. 5. Capacidade para interpretar con rigor económico as noticias relacionadas con a economía mundial e española. 6. Utilizar correctamente o léxico económico mais vinculado á asignatura.			
1. Compromiso ético co traballo e a sociedade. 2. Capacidade para traballar en equipo. 3. Capacidade para interesarse por os problemas económicos e a súa resolución. 4. Capacidade para reflexionar e posicionarse en relación cos problemas económicos máis relevantes. 5. Habilidade para buscar, filtrar, procesar e interpretar economicamente diversas fontes de información (bibliografía e estatísticas), tanto na lingua castelán como inglesa, mediante diferentes ferramentas, incluíndo os recursos telemáticos. 6. Capacidade para o pensamento crítico. 7. Actitude activa cara os feitos de maior actualidade que afectan ao entorno económico da economía mundial.			C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
I. Economía e sociedade	1. A economía como ciencia social 2. As bases da actividade económica
II. A medición da economía	3. Os agregados macroeconómicos: Contabilidade Nacional 4. As contas exteriores: Balanza de Pagos 5. Indicadores socio-económicos de crecemento e desenvolvemento
III. Análise da economía mundial	6. Etapas do crecemento económico a escala mundial 7. As fontes do crecemento: capital físico e capital humano 8. O círculo vicioso da pobreza e globalización
IV. Relacións económicas internacionais e globalización	9. Comercio e Sistema financeiro internacional. La OMC y el FMI 10. Integración económica y crecemento. La Unión Europea.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B7 C3 C4	2	0	2
Análise de fontes documentais	A7 A10 B1	6	4	10
Aprendizaxe colaborativa	A13 B9	4	6	10
Discusión dirixida	B6 C6 C7 C8	6	4	10
Lecturas	A11	0	4	4
Presentación oral	B4 C1	6	12	18
Proba mixta	A4 A5 A6	2	8	10
Sesión maxistral	A1 A2 A8 A9 C5	15	30	45
Solución de problemas	B8	6	12	18
Seminario	A3 A12	4	0	4
Traballos tutelados	B2 B3 B5	6	12	18
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	Presentación da asignatura donde se explica ao alumno o contido do programa, os instrumentos de análise básicos para a medición da economía, as fontes documentais que se utilizarán ao longo do curso, a bibliografía recomendada e os requisitos necesarios para a avaliación continua.
Análise de fontes documentais	Introducir ao alumno nas principais bases de datos oficiais, nacionais e internacionais, con información económica relevante para a análise da economía mundial.
Aprendizaxe colaborativa	Aprender a traballar en grupo seguindo unha estratexia de traballo determinada para acadar os obxetivos previamente establecidos.
Discusión dirixida	Orientada ao debate, a reflexión, o intercambio e a discusión sobre temas relacionados coa economía mundial nun contexto de globalización.
Lecturas	Lectura e síntese de artigos e informes de interés propostos por o profesor para a súa análise e debate posterior.
Presentación oral	Presentación oral do traballo tutelado. O traballo, sexa individual o de equipo, defenderase oralmente diante dos compañeiros e do profesor.
Proba mixta	Unha proba de coñecementos ao final do curso. Esta proba poderá ser substituída por dúas probas eliminatorias.
Sesión maxistral	Método expositivo para facilitar ao estudante información organizada sobre os coñecementos fundamentais correspondentes aos distintos temas.
Solución de problemas	Prácticas e exercicios encaminadas a aplicar as técnicas básicas da análise da estrutura económica.
Seminario	Grupos reducidos na aula de informática, probas de autocontrol, supervisión dos traballos de curso
Traballos tutelados	Un traballo tutelado relacionado cun tema do programa que seleccionará o profesor: unha parte será individual e outra en grupo. Os pasos a seguir: selección do tema, documentación, guión xeral, sesións periódicas co profesor para o seu seguimento, preparación da presentación...

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Solución de problemas Traballos tutelados	Destinadas a reforzar a aprendizaxe autónoma do alumno coa axuda, seguimento e supervisión das distintas actividades programadas no curso (pesquisa de datos económicos, fontes bibliográficas e estatísticas nacionais e mundiais, resolución de problemas, lecturas e debates, exposición oral dos traballos individuais e de equipo)

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	B6 C6 C7 C8	Participación nos debates que surxan nas horas de clase presencial, razoamento na discusión, utilización da linguaxe económica aprendida, comentarios sobre as lecturas, desenvolvemento do sentido crítico	10
Proba mixta	A4 A5 A6	Farase unha proba escrita para avaliar os coñecementos teóricos e prácticos acadados por o alumno durante o curso (60% da calificación total). No caso de facer dúas probas eliminatorias (30% cada unha) será necesario ter superadas as dúas para liberar a materia.	60
Presentación oral	B4 C1	Os traballos previstos durante o curso terán unha parte de defensa oral individual por parte de cada alumno fronte o profesor e os seus compañeiros.	15
Traballos tutelados	B2 B3 B5	Os traballos previstos durante o curso terán unha parte de análise cuantitativa, explicación da metodoloxía utilizada, desenvolvemento do tema tratado e bibliografía. Esta parte do traballo será tutorizado por o profesor antes da súa defensa oral.	15

Observacións avaliación



Esta materia está estruturada para axudar ao alumno a levarla ao día. As distintas actividades previstas na avaliación continua (40% da nota final) facilitarán os bós resultados na proba final (60%). Por tanto, a avaliación continua é considerada fundamental para superar a asignatura.

NOTA: Na proba escrita de valoración de coñecementos exíxese unha nota mínima de 4/10 para sumar á avaliación continua. Os alumnos que teñan una calificación de avaliación continua do 20% sobre o total terán esa nota e non serán considerados como NON PRESENTADO.

SEGUNDA OPORTUNIDADE: Manterase a calificación de avaliación continua do curso. A proba escrita será sobre 60% cunha nota mínima de 4/10

CONVOCATORIA ADIANTADA (decembro 2014): Dado que esta materia é de primeiro cuadrimestre as condicións para superala con éxito serán as mesmas que figuran nesta GADU

O Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: O traballo exixido na avaliación continua poderá facelo de forma individual. A tutoría personalizada acordarase previamente co alumno.

Fontes de información

Bibliografía básica	- UNCTAD (http://www.unctad.org) (). . - PNUD (http://www.undp.org/): (). . - OMC (http://www.wto.org/): (). . - OCDE (http://www.oecd.org) (). . - INE (http://www.ine.es): (). . - FMI (http://www.imf.org): (). . - Eurostat: (http://epp.eurostat.ec.europa.eu/portal/page/portal/eurostat/home/) (). . - Banco Mundial (http://www.worldbank.org) (). . - Banco de España (http://www.bde.es/) (). . - Requeijo, J y otros (2007). Técnicas básicas de estrutura económica . Delta Publicaciones - Alonso, J.A. (2007). Lecciones sobre economía mundial. Introducción al desarrollo y a las relaciones internacionales. 3ª edición, Thomson-Civitas, Madrid. - Weil, David N. (2006). Crecimiento Económico. Pearson, Madrid. - Viñas, Pérez y Sanchez Díez (2013). Análisis del entorno económico internacional. Garceta grupo editorial - Durán, García de la Cruz, Sanchez Díez (2013). Estructura Económica y Relaciones Internacionales. Garceta grupo editorial
Bibliografía complementaria	- Pugel, T. (2004). Economía Internacional. Mc Graw-Hill, Madrid - Nieto Solis, J.A. (2005). Organización Económica Internacional. S. XXI, Madrid - García de la Cruz, J.M y Durán G. (coord.) (2004). Sistema económico mundial . Thomson, Madrid - García de la Cruz, J.M. (coord) (2011). La economía mundial en transformación. Paraninfo

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia Económica/611G01002

Estatística I/611G01006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Política Económica/611G01013

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías